



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 persoa de administración e servizos**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electoras todas as persoas de administración e servizos que realicen no centro funcións desta natureza sempre que estean vinculados ao mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles as persoas de administración e servizos que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 12 de novembro.

4.- A mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, a secretaria do centro e o membro do citado persoal de maior idade, sempre e cando non sexa candidato/a.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 13:45 a 14:15 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:30 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo 1 nome dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meira, 3 de novembro de 2021
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Mario Outeiro Iglesias